

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 24 de xullo de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015, en réxime de concorrencia competitiva.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 25 de xuño de 2015 acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex), e facultou o director xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro.

Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex), e convocadas para o exercicio 2015, en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 11 de setembro de 2015.

Terceiro. *Créditos*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

#### Partida orzamentaria: 08.A1.741A

Nº conta:	7708
2015	50.000 €
2016	500.000 €
2017	450.000 €
Total	1.000.000 €



O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, previa declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. *Prazo de execución dos proxectos subvencionables*

Iniciarase o 1 de xullo de 2015 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir do 1 xullo de 2015) e rematará na data establecida na resolución de concesión da axuda, sen que nunca poida exceder o 31 de marzo do 2017.

Quinto.

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2015

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

**Bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex)**

No contexto de crise económica e financeira global iniciada en 2007, o sector exterior recobrou o protagonismo que perdera na última década, corrixindo así un dos principais desequilibrios da economía española e galega e contribuíndo de forma positiva a un crecemento lastrado por unha débil demanda interna.

A internacionalización do tecido empresarial galego foi e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico.

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.



Mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento ás empresas para a súa entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, o Goberno galego aposta pola internacionalización das empresas galegas. Unha aposta que se plasma na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto efectivo das exportacións da empresa galega en 2020. Este plan de internacionalización persegue unha fase de consolidación dos distintos esforzos e accións emprendidas ao longo dos últimos cinco anos para estimular, fortalecer, expandir e consolidar a internacionalización das pemes galegas e os seus produtos e servizos.

A internacionalización, como resultado exitoso do impulso colectivo das empresas da nosa rexión, e especialmente para as pemes, supón a confirmación do valor engadido do seu modelo de negocio e, polo tanto, é una fonte de mellora continua da competitividade. Por outro lado, a internacionalización é expoñente e dinamizador dos atributos ligados á marca Galicia Calidade.

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

Un dos eixos da estratexia do Igape de internacionalización da empresa galega 2020 é o de facilitar maior presenza en mercados. Un obxectivo deste eixo é dotar as pemes galegas do apoio necesario para acometer procesos de internacionalización mediante accións como: impulso e mellora do Plan Primex, cunha orientación ao éxito posterior das accións de internacionalización, con apoio a proxectos cooperativos de todo tipo en orixe e/ou en destino e, apoio sucesivo por etapas do proxecto.

O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización conxunta da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar empresas internacionalizadas para que non só non perdan a súa presenza nos mercados exteriores senón que a incrementen, poñendo ao seu alcance axudas financeiras que apoiem a súa presenza exterior, ampliando o número de países e a diversificación dos sectores internacionalizados.

O Consello da Xunta de Galicia, nas súas reunións do 24 de setembro e do 22 de outubro de 2009, aprobou o Programa Impulsa-Lugo e o Programa Impulsa-Ourense, respectivamente, nos cales se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio aos investimentos.



Dada a situación económica actual en que as provincias de Lugo e Ourense e os concellos de Ferrolterra e A Costa da Morte se viron afectados con especial incidencia pola desaceleración no desenvolvemento das empresas existentes, e manifestan unha menor taxa de internacionalización, considérase fundamental que o Igape, a través das súas liñas de axuda, conceda un nivel superior de intensidade de axudas para a procura de novos mercados internacionais ás iniciativas empresariais implantadas nestas áreas xeográficas coa finalidade de estimular o seu desenvolvemento económico e social a través da súa internacionalización.

Estas axudas complementáanse cos servizos do Igape á internacionalización, entre os cales cabe destacar o asesoramento e asistencia técnica en orixe, o apoio en destino a través da Rede Pexga de plataformas da Xunta no exterior, os servizos de apoio ao acceso ás licitacións de organismos multilaterais e o programa Foexga de organización de misións comerciais agrupadas.

A convocatoria desta liña de axudas será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. A convocatoria incluírá o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

As axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 1. *Proxectos obxecto de apoio e exclusións*

1.1. O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización conxunta da empresa galega subvencionando proxectos de internacionalización conxuntos que teñan por obxecto a prospección de mercados do estranxeiro xuntando esforzos, compartindo custos e, se é o caso, estratexia e marca coa finalidade de iniciar, fortalecer ou consolidar a súa presenza nun ou varios mercados.

#### 1.2. Tipos de proxectos subvencionables:

a) Proxectos cooperativos en destino para implantación promocional e prospección de mercados. Establecemento de filiais ou oficinas de promoción en destino.

b) Actuacións de promoción agrupada (feiras, desfiles, publicidade, *showrooms*, catas e degustacións...) en destino.



c) Plataformas de internacionalización en orixe (accións conxuntas para estudo de mercado, busca de clientes, publicidade ..., en mercados exteriores).

d) Licitacións en destino.

e) Tramitación conxunta de certificacións, rexistros, etc., en destino.

f) Plataforma de promoción en liña para mercados exteriores.

g) Outros proxectos cooperativos de promoción internacional en orixe ou destino.

Nestas bases por orixe enténdese Galicia e por destino fóra de España.

1.3. Os apoios do programa Primex consistirán en subvencións a fondo perdido para proxectos de internacionalización conxuntos en orixe ou en destino en que o solicitante estea en calquera das seguintes etapas:

a) Inicio: solicitantes con proxectos sen iniciar, ou iniciados pero sen facturación ou vendas como resultado do dito proxecto.

b) Consolidación: solicitantes con proxectos xa iniciados con incremento de volume de negocio en 2014 respecto a 2013 e con facturación como resultado do dito proxecto.

c) Crecemento en orixe: solicitantes con proxectos xa iniciados con incremento de volume de negocio en 2014 respecto a 2013 e con facturación como resultado do dito proxecto e con incremento do número total de empregados por conta allea en 2015 respecto ao número máis elevado de 2014.

1.4. Quedan excluídas as axudas á exportación. Debe entenderse por axudas á exportación aquelas directamente asociadas ás cantidades exportadas, ao establecemento e ao funcionamento dunha rede de distribución e aos gastos correntes derivados da actividade exportadora.

1.5. O prazo de execución dos proxectos subvencionables, iniciarase o 1 de xullo de 2015 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir do 1 xullo de 2015) e rematará na data establecida na resolución de concesión da axuda, sen que nunca poida exceder o 31 de marzo do 2017.



1.6. Non se concederá axuda a aquelas solicitudes que, unha vez avaliadas, recibirían unha axuda inferior a 5.000 €.

1.7. Unha empresa pode presentar un máximo dunha solicitude e non pode computar como socio mínimo doutros proxectos, segundo o requisito establecido no artigo 4.1.3 destas bases.

## Artigo 2. *Procedemento e réxime de aplicación*

2.1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2.2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.3. As axudas recollidas nesta base incardínanse no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352/1, do 24 de decembro de 2013); no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).

## Artigo 3. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

3.1. Estas axudas son incompatibles –para os mesmos conceptos subvencionables e período de execución– con outros programas de apoio financiados pola Xunta de Galicia. No caso de proxectos Primex da convocatoria 2013 –con axuda aboada ou pendente de aboar– na data de publicación destas bases no DOG e, con prazo de execución do proxecto posterior ao 30 de xuño de 2015, o proxecto de continuación para o cal se solicite axuda a través desta convocatoria deberá iniciarse con data posterior á finalización do prazo de execución do proxecto inicial subvencionado.



3.2. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

3.3. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola o límite *de minimis* redúcese a 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios.

#### Artigo 4. *Beneficiarios*

4.1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

4.1.1. Que sexan sociedades mercantís ou outras sociedades con obxecto empresarial que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

4.1.2. Que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.1.3. Que teñan un proxecto de internacionalización conxunto –que se acreditará mediante acordo notarial de colaboración ou mediante a documentación relativa á existencia dun consorcio–, con polo menos, outra empresa peme ou non peme, con domicilio social en Galicia, que cumpra o requisito indicado no artigo 4.1.5, e non vinculadas previamente entre si. A non vinculación previa implica que unha empresa non pode ter participación do capital doutra empresa coa que participa no proxecto de internacionalización conxunto, nin dúas empresas que formen parte do mesmo proxecto de internacionalización conxunto poden ter un accionista común maioritario nalgunha delas. Ademais, dúas empresas parti-



cipantes no proxecto de internacionalización conxunto non poden ter antes da solicitude de axuda un mesmo representante legal ou administradores comúns.

4.1.4. Que teñan na data da solicitude e durante todo o prazo de execución do proxecto algún empregado por conta allea en Galicia.

4.1.5. Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de axuda, a través do procedemento do Igape IG192. Este requisito non é necesario para empresas con diagnóstico positivo de potencial de internacionalización feito polo Igape no exercicio 2015, ou en exercicios anteriores.

4.2. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).

4.3. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise. Para estes efectos, convén ter en conta a definición de empresa en crise que para as pemes aparece no número 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

4.4. As empresas que xa tivesen aboada subvención por un proxecto Primex de acordo coa convocatoria do ano 2012 ou anterior –que non acrediten estar en fase de consolidación ou crecemento– non poderán ser beneficiarios desta convocatoria en proxectos que teñan por obxectivo o mesmo país xa subvencionado e tampouco computarán no mínimo de socios que se exige nestas bases (artigo 4.1.3) para admitir un proxecto que teña por obxecto ese mesmo país.

#### Artigo 5. *Condicións dos conceptos subvencionables*

5.1. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes gastos do proxecto:

a) Gastos de constitución, servizos profesionais externos, licitacións, certificacións e homologacións e bases de datos:

- Gastos en orixe derivados do acordo de colaboración: legais, notariais e rexistrais de escrituras e acordos de colaboración.





- Gastos de constitución de filial en destino: escrituras, inscricións, permisos administrativos, licenzas e outros gastos legais e administrativos.

- Gastos de servizos profesionais externos en destino: gastos que estean directamente relacionados co proxecto (xurídicos, administrativos, tradución, contables –incluso auditoría– e fiscais).

- Gastos previos á participación en licitacións en destino: adquisición de pregos, custo de traducións, asesorías externas, gastos de rexistro da propiedade industrial no país, gastos derivados da homologación ante organismos oficiais, certificacións e precualificacións.

- Gastos de defensa da propiedade industrial, homologación, certificación e rexistro de produtos e servizos e obtención de cualificacións en destino.

- Cotas de bases de datos de intelixencia competitiva internacional sectorial.

- Gastos de tradución xurada dos documentos necesarios para a correcta xustificación da subvención indicados no artigo 14 destas bases.

O importe subvencionable máximo por estes conceptos será de 10.000 € por solicitante e 20.000 € por proxecto de internacionalización conxunto (circunstancia que deben ter en conta –ao cubrir o formulario de solicitude da axuda– todos os integrantes do proxecto que solicitan axuda).

b) Gastos de infraestrutura en destino:

- Alugamento de oficinas, centro de negocios, locais, salas de exhibición ou *showrooms* en destino cando a actividade do proxecto subvencionable o xustifique.

- Alugamento de equipamento cando a actividade promocional o xustifique.

Consideraranse xustificadas estes gastos cando se acredite a contratación de persoal en destino para os efectos de atención ao proxecto.

c) Gastos de persoal contratado expresamente para tarefas relacionadas co proxecto en destino ou en orixe a partir do 1 de xullo de 2015, cos seguintes límites:

- En orixe: subvencionarase a contratación dunha soa persoa, mediante contrato laboral fixo ou eventual.



- En destino: subvencionarase a contratación dun máximo de dúas persoas, mediante contrato laboral fixo ou eventual ou mediante contrato de prestación de servizos, pero neste último caso debe ser contratado con dedicación en exclusiva ao proxecto e traballar en destino (acreditarase co establecido no contrato entre as partes).

No caso de contrato laboral só se subvencionarán os salarios netos aboados ao traballador. En xeral, exclúese da contratación subvencionada calquera socio, propietario, directivo, administrador ou empregado das empresas participantes no proxecto de internacionalización conxunto.

O importe subvencionable máximo por persoa contratada e por proxecto será de 20.000 €/ano en orixe e de 30.000 €/ano en destino para unha dedicación do 100 %. No caso de dedicación inferior aplicarase a regra da pro rata.

No caso de contratación dun mozo/a profesional (con ano de nacemento igual ou posterior a 1980) que fose bolseiro/a de promoción no exterior do Igape ou no caso de que sexa un integrante da bolsa de traballo de xestores de internacionalización do Igape, subvencionarase o 80% do seu salario neto.

d) Gastos de promoción e/ou publicidade:

- Feiras e outros eventos expositivos, presentacións de empresa e/ou produto. No caso de eventos organizados por terceiros serán subvencionables os gastos facturados polo organizador do evento en concepto de alugamento de solo, caseta, inserción no catálogo da feira, participación e seguro obrigatorio e demais servizos inherentes á participación da empresa na feira ou evento expositivo. No caso de eventos organizados polos solicitantes só son subvencionables os gastos de alugamento de espazo.

- Gastos de publicidade: custo da compra de espazos publicitarios en medios do país obxecto da acción promocional (só son subvencionables os custos de inserción nos medios finais e non outros gastos de asistencia técnica relacionada co plan de publicidade).

- Deseño, creación e aloxamento de páxina web. Aplicación soporte comercio electrónico.

5.2. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación destas bases os seguintes conceptos:

a) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.



b) Os gastos do persoal habitual contratado pola empresa e calquera outro derivado da actividade habitual e corrente da empresa solicitante.

c) O custo dos importadores e/ou axentes a comisión sobre vendas.

d) Os custos de *mailings*, convites e regalos promocionais.

e) Aqueles gastos que resulten de carácter xeral ou non estean expresamente referidos á actuación concreta que se propón para a subvención.

f) Aquel outros que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable.

5.3. Non serán subvencionables gastos correspondentes a actuacións que o solicitante ou o resto de empresas participantes no proxecto poida realizar cos seus propios medios materiais e persoais, o que se determinará polo tipo de actividade da empresa –IAE ou CNAE–, e/ou porque o solicitante, pola súa vez, figure como provedor para outra empresa solicitante destas axudas –nesta e anteriores convocatorias– para o mesmo tipo de actuacións e gastos.

5.4. Os gastos e investimentos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión para os efectos de cumprir todas as condicións nela establecidas. O prazo de execución iniciárase o 1 de xullo de 2015 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir do 1 de xullo de 2015) e rematará na data establecida na resolución de concesión da axuda, sen que nunca poida exceder o 31 de marzo do 2017.

5.5. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, o cal deberá acreditar o solicitante, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

5.6. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. A non vinculación demostrarase a través dunha declaración responsable do solicitante, que se cubrirá no formulario de solicitude.



Admítese a subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios, sen límite respecto ao importe da actividade subvencionada, exixíndose aos beneficiarios o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do seu regulamento. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

5.7. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

*Artigo 6. Intensidade de axuda, límite máximo de subvención e criterios de avaliación e selección de solicitudes*

6.1. Contía da axuda: 75 % do gasto subvencionable, agás no caso de contratación dun mozo/a profesional (con ano de nacemento igual ou posterior a 1980) fose sido bolseiro/a de promoción no exterior do Igape ou no caso de que sexa un integrante da bolsa de traballo de xestores de internacionalización do Igape, subvencionarse o 80 % do salario neto. É obriga do solicitante comprobar que o xestor contratado realmente cumpre os requisitos mínimos esixidos polo Igape e alegados polo xestor para formar parte da bolsa de traballo de xestores de internacionalización.

O límite máximo de axuda por solicitante será:

- Para os que se atopen na etapa de inicio: 10.000 €.
- Para os que se atopen na etapa de consolidación: 15.000 €.
- Para os que se atopen na etapa de crecemento en orixe: 25.000 €.

O importe subvencionable máximo por proxecto, independentemente do número de empresas que participen nel, non superará os 100.000 €.

6.2. As solicitudes que cumpran coas condicións destas bases serán avaliadas de acordo co seguinte baremo xeral:

6.2.1. Proxectos en fase de inicio:

- a) Por atoparse o proxecto en fase de inicio: 10 puntos.



b) Grao de colaboración. No caso de que a colaboración para o proxecto obxecto destas bases estea formalizada a través dun consorcio: 20 puntos.

c) Tipo de proxecto. Proxectos con obxectivo de implantación promocional en destino: 10 puntos. Acreditarase mediante declaración do solicitante no formulario de solicitude e mediante copia do contrato ou factura de alugamento de oficina, local ou centro de negocios en destino.

d) Colaboración co programa de xestores de internacionalización do Igape: se o solicitante ten contratado –na data de publicación no DOG destas bases– algún xestor da base de datos de xestores de internacionalización do Igape con contratación posterior á data de alta na base de datos e cunha antigüidade na empresa superior a 365 días: 5 puntos.

Acreditarase mediante a entrega da vida laboral da empresa.

e) Plan do proxecto. Máximo: 40 puntos. Avaliarase tendo en conta:

- Análise previa: análise do mercado, análise da competencia, proxección de vendas. Concederanse 2 puntos por cada unha das alíneas anteriores sempre que se recollan suficientemente e con datos actualizados posteriores ao ano 2012. Máximo: 6 puntos.

- Análise das vantaxes da cooperación fronte ao emprendemento individual do proxecto: achega prevista de cada socio ao proxecto (mesmo dos socios non galegos se os houber), sinerxías, aforro de custos,...: 5 puntos.

- Avance do proxecto: selección de provedores e persoal que se contratará. Presentación de contratos asinados ou facturas para un importe igual ou superior ao 50 % dos gastos para os cales se solicita axuda: 10 puntos.

- A inclusión dun protocolo de cooperación que recolla a operativa de funcionamento, dereitos e deberes dos cooperantes, motivos da resolución...: 9 puntos.

- Accións propostas e o seu cronograma (dificultades das accións propostas, previsión de duración da cooperación...): 10 puntos.

f) Ter un xerente do proxecto contratado na data da solicitude da axuda: 5 puntos.

Acreditarase coa presentación do contrato laboral do xerente (fixo ou eventual), ou contrato de prestación de servizos.



6.2.2. Proxectos en fase de consolidación e crecemento en orixe:

a) Por atoparse o proxecto en fase de consolidación 20 puntos e por atoparse en fase de crecemento en orixe 25 puntos.

b) Grao de colaboración. No caso de que a colaboración para o proxecto obxecto destas bases estea formalizada a través dun consorcio: 20 puntos.

c) Proxectos xa implantados en destino (filiais ou oficinas de promoción no estranxeiro): 10 puntos.

Acreditarase mediante escritura de constitución e estatutos, se é o caso, inscritos no correspondente rexistro da sociedade ou filial en destino ou, no caso de non ter personalidade xurídica propia en destino, acreditación de ter os permisos necesarios para operar no país de destino ou contrato de alugamento da oficina, local ou centro de negocios.

d) Colaboración co programa de xestores de internacionalización do Igape: se o solicitante ten contratado – na data de publicación no DOG destas bases– algún xestor da base de datos de xestores de internacionalización do Igape con contratación posterior á data de alta na base de datos e cunha antigüidade na empresa superior a 365 días: 5 puntos.

Acreditarase mediante a entrega da vida laboral da empresa.

e) Plan do proxecto. Máximo: 20 puntos. Avaliarase tendo en conta:

- Análise das vantaxes de seguir cooperando fronte ao emprendemento individual do proxecto: achega prevista de cada socio ao proxecto (mesmo dos socios non galegos se os houber), sinerxías, aforro de custos...: 5 puntos.

- Facilidade de execución orzamentaria: presentación de facturas ou contratos asinados con provedores ou persoal para un importe igual ou superior ao 50 % dos gastos para os que se solicita axuda: 10 puntos.

- Accións propostas e o seu cronograma (dificultades das accións propostas, previsión de duración da cooperación...): 5 puntos.



f) Continuidade de proxectos Primex: Porcentaxe de execución do proxecto respecto ao plan orzamentario presentado ao Igape coa solicitude inicial da axuda:

- De 80 % a 100 %: 10 puntos.
- De 50 % a 79 %: 5 puntos.

Acreditarase coas liquidacións completas presentadas ao Igape na data de solicitude de axuda e unha vez avaliadas polo Igape.

g) Repercusión en Galicia dos resultados da empresa. Incremento do volume de negocio en 2014 respecto a 2013:

- Igual ou maior ao 20 %: 10 puntos.
- Igual ou maior ao 10 % pero inferior ao 20 %: 5 puntos.

Acreditarse mediante copia das contas presentadas no Rexistro Mercantil.

6.3. Se o solicitante ten o seu domicilio social nalgún dos concellos relacionados no anexo IV, terá 5 puntos adicionais por riba da base total de puntuación que é posible alcanzar.

6.4. Para dar cabida a proxectos de solicitantes en distintas fases, repartirase o 50% do orzamento entre solicitantes en fase de inicio que acaden no baremo unha puntuación igual ou superior a 40 puntos, e o outro 50 % entre solicitantes en fase de consolidación ou crecemento que acaden no baremo unha puntuación igual ou superior a 40 puntos (en cada caso segundo a orde de puntuación). No caso de que segundo esta repartición non se esgote o orzamento pasaríase o orzamento restante da fase de inicio ás outras fases ou viceversa. E, unha vez consumido o orzamento entre todos os solicitantes que acaden unha puntuación mínima de 40 puntos no baremo, no caso de existir remanente, asignarase o orzamento ao resto de proxectos por orde de puntuación calquera que sexa a fase en que se atopen ata o límite do orzamento –axustando o gasto subvencionable para executar ao máximo o orzamento das bases– .

#### Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

7.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

7.2. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os formularios de solicitude inclúen autorizacións expresas



ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

7.3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estivesen en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

7.4. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste deberá presentar a certificación nos termos establecidos regulamentariamente.

7.5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

7.6. Os datos das empresas participantes no proxecto conxunto de internacionalización recollidos no formulario de solicitude, no acordo notarial de colaboración ou na documen-





tación relativa ao consorcio, e no informe trimestral requirido nestas bases, así como os datos do xestor contratado, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape, polo que todos os participantes no proxecto autorizan expresamente o Igape para ceder estes datos de carácter persoal a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

#### Artigo 8. *Solicitudes*

8.1. Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o al solicita a subvención a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

8.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través dos números de teléfono 900 81 51 51 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

8.3. As solicitudes de axuda presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo. No formulario será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, e concederáselles aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal teráselles por desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivamento.



8.4. O formulario de solicitude deberá vir acompañado da seguinte documentación:

8.4.1. Documentación relativa ás circunstancias do beneficiario:

a) DNI do representante legal, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

b) Informe de vida laboral da empresa desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a data de publicación no DOG destas bases.

c) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.

d) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

e) Acordo notarial de colaboración entre as empresas participantes no proxecto de internacionalización conxunto ou ben a escritura de constitución e estatutos dun consorcio domiciliado en Galicia e con personalidade xurídica independente.

O acordo de colaboración deberá reunir, como mínimo, os seguintes puntos:

- Datos das empresas participantes no proxecto: nome, domicilio social, NIF, IAE, CNAE, sector, número máximo de empregados por conta allea no 2014, número de empregados por conta allea no 2015 á data do acordo, cifra do volume de negocios do ano 2014 e cifra do balance do ano 2014.

- País/países obxecto do proxecto.

- Breve descrición do proxecto de colaboración.

- Declaración de que todas as empresas cumpren o requisito de non vinculación previa tal e como se establece neste artigo, e no caso de que exista vinculación entre algunha das empresas participantes no proxecto, declaración do tipo de vinculación e entre que empresas.

f) Autorización ao Igape de todos os participantes no proxecto, segundo o modelo do anexo V, para que os datos persoais facilitados queden rexistrados nun ficheiro titularida-



de do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, quen no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nas bases reguladoras para a súa tramitación. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lop@igape.es](mailto:lop@igape.es).

8.4.2. Documentación para os efectos sinalados no artigo 6.2 destas bases, se é o caso:

i) Proxectos en fase de inicio:

- Contrato ou factura de alugamento de oficina, local ou centro de negocios en destino.
- Plan do proxecto.
- Contrato laboral, fixo ou eventual, ou contrato de prestación de servizos do xerente do proxecto.
- Contratos asinados con persoal ou provedores ou facturas do gasto para o cal se solicita a axuda (tamén para efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases).
- As ofertas de diferentes provedores das que dispoña o solicitante na data de presentación da solicitude (tamén para efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases).

ii) Proxectos en fase de consolidación e crecemento:

- Facturas e/ou contratos de 2013 e/ou 2014 da empresa solicitante relacionadas co proxecto de internacionalización por un importe total superior a 20.000€, e copia das contas de 2013 e 2014 presentadas o Rexistro Mercantil. Esta documentación servirá ademais para determinar se o proxecto se atopa en fase de consolidación ou crecemento en orixe.
- Escritura de constitución e estatutos, se é o caso, inscritos no correspondente rexistro da sociedade ou filial en destino ou, no caso de non ter personalidade xurídica propia en destino, acreditación de ter os permisos necesarios para operar no país de destino, ou contrato de alugamento da oficina, local ou centro de negocios.
- Plan do proxecto.



- Contratos asinados con persoal ou provedores ou facturas do gasto para o que se solicita a axuda (tamén para os efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases).

- As ofertas de diferentes provedores de que dispoña o solicitante na data de presentación da solicitude (tamén para efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases).

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa estea en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de cal se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

8.5. Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizada co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no Rexistro Xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario de solicitude normalizada (anexo I) co IDE, xunto coas copias simples dos documentos relacionados no artigo 8.4. No formulario de solicitude inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitude de que as copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape.

8.6. Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.



Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizárase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.



f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante indicase no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso, o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE núm. 150, do 23 de xuño).

8.7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es), indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.

8.8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 9. *Órganos competentes*

A Área de Internacionalización «Galicia@World» será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e corresponderá, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ao titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica a competencia para ditar a resolución sobre o fondo da solicitude, que poña fin ao procedemento na vía administrativa.

#### Artigo 10. *Instrución dos procedementos*

10.1. As solicitudes de axuda serán avaliadas polos servizos dos órganos instrutores, en función dos datos declarados na solicitude de axuda e no formulario e na documentación presentada, elaborando unha lista coa relación dos solicitantes e a puntuación que lle corresponde a cada un, en aplicación dos criterios de avaliación establecidos no artigo 6 destas bases.



10.2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b) e 60 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda realizaranse preferentemente mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase indicar que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado enderezo. Excepcionalmente, se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

10.3. No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

10.4. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

10.5. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor confeccionará a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, na cal se fará constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para executar o proxecto e o prazo máximo para presentar a xustificación ao Igape. Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Xunta de Galicia. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.



10.6. A resolución será notificada de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e, de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, substituirase a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Non obstante, excepcionalmente, se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

10.7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o 4 de decembro de 2015. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### Artigo 11. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición, que resolverá o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 12. *Modificación da resolución*

12.1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observarase o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, admitiranse, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, modificacións relativas ao orzamento subvencionable á baixa, ao traspaso orzamentario entre partidas de gasto, á modificación á baixa do prazo de execución do proxecto, ao cronograma





de execución, á tipoloxía de proxecto/s que se vai emprender, ao cambio de provedores e tipoloxía de gasto, ao cambio de socios do proxecto e a o/s país/es obxectivo, sempre e cando estes cambios non alteren o baremo. Non se permite a modificación orzamentaria que implique traspaso dunha anualidade a outra.

12.2. A solicitude de modificación deberá presentarse con anterioridade mínima de tres meses ao vencemento do prazo de execución do proxecto.

12.3. No caso de rescisión do acordo de colaboración que supoña que unicamente a beneficiaria cumpra as condicións de domicilio social en Galicia e o requisito indicado no artigo 4.1.5 das bases, esta poderá optar por incorporar outra empresa ao proxecto ou finalizalo, finalizando tamén o expediente de axuda. No caso de incorporar unha nova empresa debe solicitalo ao Igape xuntando a documentación correspondente –novo acordo de colaboración ou escritura, e autorización para o uso dos seus datos polo Igape– no prazo dun mes desde a baixa da outra, baixa que debe comunicarse ao Igape no prazo de 10 días desde que se produza.

12.4. O beneficiario deberá solicitar a modificación tramitando o formulario sinalado no artigo 8 e presentando a súa instancia dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados.

### Artigo 13. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión.
- b) Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o



Tribunal de Contas, o Consello de Contas, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Darlle publicidade ao financiamento dos gastos que sexan obxecto de subvención, consistente na inclusión da imaxe institucional do Igape e a Xunta de Galicia, así como lendas relativas ao financiamento público nas casetas, carteis, placas conmemorativas, materiais impresos que vaian ser obxecto de difusión mais alá do uso exclusivo do solicitante, medios electrónicos audiovisuais, convocatorias e difusión de eventos ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación, que teñan relación co proxecto subvencionado, sen prexuízo das normas sobre publicidade establecidas na normativa comunitaria que, de ser o caso, sexan de aplicación, así como as normas e instrucións contidas no manual de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Os logotipos poderanse descargar no enderezo da internet <http://www.igape.es>.

Para dar publicidade do financiamento atenderase ao establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia (DOG núm. 227, do 19 de novembro).

g) No caso de que o evento xa tivese lugar cando se solicitou ou concedeu a axuda ou por non ser posible por outros motivos, a publicidade do financiamento deberase facer mediante constancia na páxina web do solicitante da existencia da subvención, consistente na mención expresa na web da acción obxecto da subvención.

h) No caso de campañas de publicidade, o solicitante poderá substituír a inserción dos logotipos anteriores nos anuncios pola constancia na web do solicitante da axuda da existencia da subvención, consistente na mención expresa na web da acción obxecto da subvención.



i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) No caso de non ser quen de realizar o proxecto para o cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

k) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

l) Presentar ao Igape un informe o último día de cada trimestre de 2016 e 2017 –a partir da data da resolución de concesión da axuda e ata o fin do prazo de execución do proxecto– do grao de avance do proxecto e os seus resultados e informe de execución orzamentaria por partidas de gastos subvencionable segundo se indica no anexo III destas bases.

#### Artigo 14. *Xustificación da subvención*

14.1. O beneficiario deberá presentar unha primeira solicitude de cobramento da subvención antes do 15 de decembro de 2015; unha segunda solicitude de cobramento antes do 31 de agosto de 2016 e unha terceira solicitude de cobramento no prazo improrrogable dun mes desde o fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 28 de abril do 2017.

14.2. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través dos números de teléfono 900 815 151 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDEL identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo están-



dar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa.

14.3. A solicitude de cobramento presentarase mediante o modelo normalizado que a título informativo figura como anexo II a estas bases, na cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento formulado para tal fin.

14.4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude de cobramento normalizado co IDEL (anexo II), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns ao servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e sempre que o solicitante cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 8.5 das bases reguladoras.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude de cobramento, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario de solicitude de cobramento normalizado (anexo II) co IDEL, xunto coa documentación establecida no artigo 15.6 en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 14.6, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir o beneficiario a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

14.5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presente en prazo ou a xustificación sexa incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos



observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14.6. Xunto coa solicitude de cobramento, o beneficiario da axuda presentará:

a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade.

b) Xustificantes do pagamento das facturas, por algún dos seguintes medios:

– Xustificante de transferencia bancaria. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira ou dispoñer dun código para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade financeira.

– Certificación bancaria conforme o pago foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a data efectiva desta.

– Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais, algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibo asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.



As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopia dos documentos bancarios de cargo nos cales conste o troco empregado.

c) Gastos de persoal: nóminas do persoal contratado expresamente para o proxecto en destino ou en orixe (nas cales conste o importe bruto e neto) e copia do contrato de traballo ou contrato e facturas, no caso de contrato de prestación de servizos.

d) Gastos de infraestrutura en destino. Alugueiros: factura do gasto e, se é o caso, copia do contrato de alugamento. Fotografía do local en que se aprecien claramente os logotipos citados no artigo 13.g) destas bases.

e) Gastos de promoción e/ou publicidade:

– Feiras: fotografía da caseta en que se aprecien claramente os logotipos citados no artigo 13.f) destas bases. Debe achegarse copia de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo 13.f) destas bases, incluído o caso da publicidade do financiamento público na web do solicitante da axuda.

– Publicidade: documentación da publicidade realizada en que se aprecien claramente os logotipos citados no artigo 13.f) destas bases. Debe achegarse copia de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo 13.f) destas bases, incluídos os casos da publicidade do financiamento público na web do solicitante da axuda.

f) Contratos de prestación de servizos.

g) As tres ofertas, que non se presentasen anteriormente, que en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido no artigo 5.4 das bases reguladoras.

h) Informe de vida laboral do período de execución do proxecto.

i) Informe final de execución técnica e financeira do proxecto e os seus resultados, que se deberá cubrir no formulario de liquidación.

j) Calquera outra documentación que o lgape coide necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento sinalada na resolución de concesión.



En relación co idioma dos documentos deberanse presentar en castelán ou galego; se están noutro idioma distinto dos anteriores, será necesaria tradución xurada.

14.7. As datas dos xustificantes de gasto, medios de pagamento e demais documentos xustificativos da realización do proxecto deberán estar comprendidas entre o 1 de xullo de 2015 e a data de remate do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión, que nunca excederá o 31 de marzo de 2017.

As facturas xustificativas dos gastos deberán ser de terceiros contra a empresa solicitante e pagadas polo solicitante, e polos conceptos aprobados para cada empresa participante no proxecto de internacionalización conxunto. Admítense facturas xiradas contra a sociedade ou filial creada en destino no proxecto de internacionalización subvencionado. Neste caso, terase en conta a porcentaxe de participación do solicitante na dita sociedade ou filial.

14.8. Non se admitirá a autofacturación, isto é, facturas emitidas por unha empresa participante no proxecto.

14.9. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Fazenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

14.10. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas.

14.11. O Igape poderá aceptar variacións nos diversos conceptos de gasto aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20 % de cada concepto e que, no seu conxunto, non varíe o importe total de gasto aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

14.12. Cando o beneficiario da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 12 destas bases, despois de omitirse o



trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros. A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Aboamento das axudas*

15.1. O aboamento das axudas realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

15.2. Os beneficiarios da axuda poderán solicitar un anticipo de ata o 90% do importe da subvención concedida na anualidade en que se solicite o anticipo, unha vez notificada a resolución de concesión e con data límite o 31 de marzo de 2016. A solicitude de anticipo será obxecto de resolución motivada polo órgano concedente da subvención. O importe do anticipo non pode superar o 50 % da subvención total concedida para todas as anualidades.

15.3. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Neste suposto exímense os/as beneficiarios/as da obriga de constituír garantías, logo da súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regula a Lei de subvencións de Galicia.

15.4. Os órganos competentes do Igape poderán solicitar as aclaracións, orixinais da documentación, ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presente, o Igape iniciará o correspondente procedemento de incumprimento.

#### Artigo 16. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

16.1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa





aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

16.2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, polo que deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, de ser o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, e deberán, de ser o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) No caso de rescisión do acordo de colaboración que supoña que unicamente a beneficiaria cumpra as condicións de domicilio social en Galicia e o requisito indicado no artigo 4.1.5 das bases, incumpríndose o establecido no artigo 4 destas bases, e a empresa beneficiaria non opta por incorporar outra empresa, entenderase que o dito incumprimento é total, agás se executou polo menos o 50 % da base subvencionable do proxecto, no cal se aplicará o incumprimento a pro rata.

c) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumplida de acordo coa seguinte gradación:

– Non darlle publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 14 destas bases, suporá a perda dun 5 % da subvención concedida.

– Non comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, suporá a perda dun 5 % da subvención unha vez recalculada e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.



16.4. Incumprimento total, coa revogación da axuda concedida e reintegro, se é o caso, das cantidades percibidas, nos seguintes casos:

- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Cando non dispoñan dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Cando o beneficiario non acredite que está ao día das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.
- Cando o beneficiario non presente, previo requirimento, os informes trimestrais do grao de avance do proxecto e os seus resultados e informe de execución orzamentaria por partidas de gastos subvencionables segundo o modelo indicado no anexo III.

#### Artigo 17. *Réxime sancionador*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18. *Fiscalización e control*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma,



así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

En caso de que o beneficiario non conteste a algún dos requirimentos de documentación efectuados polo Igape dentro do prazo establecido, o expediente poderase arquivar sen máis trámite.

#### Artigo 19. *Comprobación de subvencións*

19.1. Previamente ao seu aboamento, o órgano concedente comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de catro anos desde a súa presentación. Durante o dito prazo, os beneficiarios terán que conservarlas e telas á disposición da Administración.

19.2. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 20. *Publicidade*

20.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

20.2. De acordo co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a



data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

20.3. De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1149/2011, do 29 de xullo, polo que se establece e regula o Rexistro español de axudas *de minimis* no sector pesqueiro (BOE nº 223, do 16 de setembro), no caso de que o beneficiario sexa unha empresa do sector pesqueiro, o Igape publicará a axuda concedida ao abeiro destas bases no citado Rexistro expresando a información a que se fai referencia no anexo I deste real decreto.

#### Artigo 21. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorizan as polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape, que, no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poidan ser necesarios achegar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lop@igape.es](mailto:lop@igape.es).

#### Artigo 22. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352/1, do 24.12.2013); no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento



da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, aplicarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





## ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS DO IGAPE Á PROMOCIÓN CONXUNTA EN MERCADOS EXTERIORES - PLAN PRIMEX</b>		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IG637A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
TIPO DE VÍA <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE <input type="text"/>	ANDAR <input type="text"/>
PORTA <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>		
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
ACTIVIDADE <input type="text"/>			
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
<b>NOTIFICACIÓN POR VÍA TELEMÁTICA</b>			
<input type="checkbox"/> Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática.			
(Para utilizar esta opción, debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado e a persoa asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> , logo da identificación mediante certificado)			
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	
<b>ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE</b>			
ESCRITURA Nº <input type="text"/>	DATA ESCRITURA <input type="text"/>	OUTORGADA ANTE O/A NOTARIO/A <input type="text"/>	Nº DE PROTOCOLO <input type="text"/>
NIF SOCIEDADE <input type="text"/>	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE <input type="text"/>		
<b>PODER DE REPRESENTACIÓN</b>			
PODER Nº <input type="text"/>	DATA PODER <input type="text"/>	OUTORGADO ANTE O/A NOTARIO/A <input type="text"/>	Nº DE PROTOCOLO <input type="text"/>
<b>SOLICITUDE PARA</b>			
<input type="checkbox"/> IG158 - Axudas á promoción conxunta en mercados exteriores - Plan Primex			
<b>A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA</b>			
<input type="checkbox"/> Que obtivo nos servizos web do Igape ( <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> ) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.			
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS <input type="text"/>		CÓDIGO DE COMPROBACIÓN <input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> No caso de presentación da solicitude en soporte papel, que a documentación presentada no expediente en copia simple constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.			



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

Documentación relativa ás circunstancias da entidade beneficiaria:

 Copia do DNI da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta

 Informe de vida laboral da empresa desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a data de publicación no DOG destas bases

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Poder da persoa representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acordo notarial de colaboración entre as empresas participantes no proxecto de internacionalización conxunto ou ben a escritura de constitución e estatutos dun consorcio domiciliado en Galicia e con personalidade xurídica independente, cos requisitos do artigo 8.4.1 das bases reguladoras	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Autorización de cesión de datos persoais das empresas participantes segundo o anexo V das bases reguladoras	<input type="checkbox"/>			

Se é o caso, para os efectos sinalados no artigo 6.2 das bases reguladoras:

**a) Proxectos en fase de inicio**
 Contrato ou factura de alugamento de oficina, local ou centro de negocios en destino

 Plan do proxecto

 Contrato laboral, fixo ou eventual, ou contrato de prestación de servizos do/da xerente do proxecto

 Contratos asinados con persoal ou provedores ou facturas do gasto para o cal se solicita a axuda (tamén para os efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases)

 As ofertas de diferentes provedores das que dispoña a entidade solicitante na data de presentación da solicitude (tamén para os efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases)

**b) Proxectos en fase de consolidación e crecemento**
 Facturas e/ou contratos de 2013 e/ou 2014, da empresa solicitante relacionadas co proxecto de internacionalización por un importe total superior a 20.000€, e copia das contas do 2013 e 2014 presentadas o Rexistro Mercantil. Esta documentación servirá ademais para determinar se o proxecto se atopa en fase de consolidación ou crecemento en orixe

 Escritura de constitución e estatutos, se é o caso, inscritos no correspondente rexistro, da sociedade ou filial en destino ou, no caso de non ter personalidade xurídica propia en destino, acreditación de ter os permisos necesarios para operar no país de destino, ou contrato de alugamento da oficina, local ou centro de negocios

 Plan do proxecto

 Contratos asinados con persoal ou provedores ou facturas do gasto para o cal se solicita a axuda (tamén para os efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases)

 As ofertas de diferentes provedores das que dispoña a entidade solicitante na data de presentación da solicitude (tamén para os efectos do sinalado no artigo 6.1 destas bases)

Autorizo o lgape, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO I  
(continuación)

Autorizo o Igape para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo o Igape para consultar os datos do meu expediente (NIF, IAE, escritura de constitución e estatutos, poder da persoa representante) que figuran en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es)


LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 24 de xullo de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015, en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de





Dirección Xeral do Igape



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**SOLICITUDE DE COBRAMENTO**
**IG637A - AXUDAS DO IGAPE Á PROMOCIÓN CONXUNTA EN MERCADOS EXTERIORES - PLAN PRIMEX**

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS ESPECÍFICOS DO ANEXO</b>			
EXPEDIENTE NUM.			
<input type="text"/>			
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADO (euros)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (euros)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA</b>	
Que obtivo nos servizos web do Igape ( <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> ) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación, e o seu código de comprobación debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.	
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍGITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA REPRESENTANTE EXPÓN</b> (marcar só unha opción)	
<input type="radio"/> Que solicita un anticipo do <input type="text"/> % da anualidade <input type="text"/> por importe de <input type="text"/> euros.	
<input type="radio"/> Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de axuda e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución de concesión de axuda.	
Que no período comprendido entre o <input type="text"/> e o <input type="text"/> incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por importe de <input type="text"/> euros. Os ditos gastos, cuxa relación fixo constar no formulario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.	

<b>A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA</b>
Que, de acordo coa xustificación achegada, lle sexa aboada a axuda correspondente segundo o establecido no artigo 6 das bases reguladoras da axuda, a través da conta bancaria indicada no formulario de solicitude.

<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

	
---	---

Dirección Xeral do Igape

CVE-DOG: yrk6p3w2-vh77-5xr9-ckt4-iwohvvz0jyas3





ANEXO III

INFORME TRIMESTRAL

IG637A - AXUDAS DO IGAPE Á PROMOCIÓN CONXUNTA EN MERCADOS EXTERIORES - PLAN PRIMEX

A) INFORME TRIMESTRAL DO GRAO DE AVANCE DO PROXECTO E OS SEUS RESULTADOS (DATOS ACUMULADOS DESDE O INICIO DO PROXECTO)

Nº DE EXPEDIENTE

EMPRESA BENEFICIARIA

Nº EMPREGADOS POR CONTA ALLEA EN GALICIA

PERSOA DE CONTACTO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

SECTOR

EMPRESAS PARTICIPANTES NO PROXECTO

NOME	DOMICILIO SOCIAL	NIF	SECTOR/ACTIVIDADE	Nº EMPREGADOS POR CONTA ALLEA

PAÍS OBXECTO DO PROXECTO

NOME SOCIEDADE EN DESTINO (no caso de constitución de sociedade en destino)

ENDEREZO DA SOCIEDADE/CENTRO PROMOCIÓN (no caso de constitución de sociedade en destino)

BREVE DESCRICIÓN E SITUACIÓN ACTUAL DO PROXECTO DE COLABORACIÓN

ACCIÓNS REALIZADAS

RESULTADOS ACADADOS PARA CADA EMPRESA PARTICIPANTE NO PROXECTO



**B) INFORME TRIMESTRAL DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA POR PARTIDAS DE GASTO SUBVENCIONABLES (DATOS ACUMULADOS DESDE O INICIO DO PROXECTO)**

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	GASTO EXECUTADO NA DATA DE ENTREGA DO INFORME (€)	GASTO PREVISTO PARA EXECUTAR ATA A DATA DE FIN DE EXECUCIÓN DO PROXECTO (€)	TOTAL (€)
Gastos de constitución de filial en destino			
Gastos de infraestrutura en destino			
Gastos de persoal contratado expresamente para o proxecto en destino ou en orixe			
Gastos de servizos profesionais externos en destino			
Gastos de promoción e/ou publicidade			
TOTAL			
DATA DO INFORME			

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

NOME E APELIDOS

NIF

Lugar e data

 ,  de  de 

NOTA: Este informe deberase presentar ao Igape o último día de cada trimestre natural de 2016 e 2017 a partir da data de resolución de concesión da axuda e ata o fin do prazo de execución do proxecto e deberá ir acompañado do informe de vida laboral da empresa, de novos orzamentos solicitados, novos contratos asinados, fotografías que xustifiquen o establecido no artigo 13.f) das bases reguladoras e calquera outra documentación que sirva para xustificar o avance do proxecto e o cumprimento das obrigas da entidade beneficiaria da axuda.



## ANEXO IV

**Concellos preferentes****Axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex)**

- Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: A Capela, As Pontes, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugarzos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño.
- Concellos da Costa da Morte: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.
- Concellos da provincia de Lugo.
- Concellos da provincia de Ourense.





ANEXO V

## AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

## IG637A - AXUDAS DO IGAPE Á PROMOCIÓN CONXUNTA EN MERCADOS EXTERIORES - PLAN PRIMEX

## DATOS DA ENTIDAD SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DECLARA

Que os datos persoais recollidos na documentación (acordo de colaboración/escritura de consorcio, solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización, informe trimestral) presentada pola entidade no expediente administrativo de solicitude de axuda á promoción conxunta en mercados exteriores (Plan Primex) son certos totalmente e baixo a súa responsabilidade e,

## AUTORIZA

O tratamento dos devanditos datos, que son necesarios e serán utilizados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, e o envío periódico de información sobre axudas e actividades do seu interese, así como a comunicación e cesión, no ámbito das súas respectivas competencias, dos referidos datos á Consellería de Economía e Industria e ás entidades coas cales o instituto colabore, con este mesmo fin, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es).

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

CVE-DOG: yrk6p3w2-vh77-5xr9-ckt4-iwohvvz0jyas3

